

RÉXIME XURÍDICO DAS ENTIDADES E DOS CENTROS DE INCLUSIÓN SOCIAL




Pilar Araújo Prado
Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social
Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais
Secretaría Xeral Técnica – Consellería de Traballo e Benestar
Vigo, 27 de xaneiro de 2012

SISTEMA GALEGO INTEGRADO DE SERVIZOS SOCIAIS


SERVICIOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS

Competencia da Xunta



SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECÍFICOS

(Centros de día, Albergues, etc...)



INSTRUMENTO DE XESTIÓN COOPERATIVA E
COORDINACIÓN EFECTIVA: CONSORCIO GALEGO

A XUNTA PLANIFICA, ORDENA E FINANCIA

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS

(Portal de entrada ao sistema integrado)

- Programas básicos
- Profesional de referencia
- Expediente social único

CARÁCTER LOCAL – Competencia municipal

SERVIZO MÍNIMO OBRIGATORIO PARA CONCELLOS

A XUNTA PLANIFICA, ORDENA E FINANCIA

OS CENTROS DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL

- SITUACIÓN DE PARTIDA
- ENFOQUE DOS ÚLTIMOS ANOS

CAMBIO DE ESTRATEXIA

1º.- Hai que rachar con conceptos tradicionais moi arraigados:

Non existen persoas **sen fogar**, senón persoas **que están sen fogar**, aínda que leven moito tempo nesta situación ou incluso se cronifiquen nela.

2º.- Os albergues e centros de acollida xa non deben presentarse como centros para “**o colectivo de persoas sen fogar**”, senón para calquera persoa ou familia que nalgún momento necesite unha resposta urxente de aloxamento e de atencións básicas.

3º.- A nova realidade debe ser a **diversidade dos usuarios** → necesidade conxuntural de aloxamento:

- Inmigrantes
- Persoas que viven unha crise por conflitos familiares, toxicomanías, ludopatías, fracasos laborais ou económicos..
- Residentes da propia cidades que ocasionalmente son privados de aloxamento
- Grupos familiares en ocasións con menores de idade.

4º.- **Dignificar os centros,** para respostar as exixencias dunha poboación máis normalizada.

5º.- **Diversificar,** espazos e servizos para adaptarse as diversas necesidades e circunstancias dos usuarios.

6º.- **Flexibilidade,** para adaptarse as características dos usuarios, as diversas problemáticas.

Análise da Orde de 25 de xaneiro 2008, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de inclusión social:

Qué son os CENTROS DE INCLUSIÓN?

son centros de servizos sociais onde se atenden ás necesidades de persoas afectadas por situacións valoradas de exclusión social e, se é o caso, se posibilitan e impulsan actuacións programadas que favorezan a súa efectiva inclusión sociolaboral

Cal é a tipoloxía dos centros de inclusión e emerxencia social?

- ALBERGUES
- CENTROS DE ACOLLIDA E INCLUSIÓN (desenvolven tres programas)
- COMEDORES SOCIAIS
- CENTROS DE ATENCIÓN SOCIAL CONTINUADA
- CENTROS DE DÍA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Unidades vinculadas aos centros:

- Unidades de hixiene
- Unidades de rúa

ALBERGUES

“Son establecementos para o aloxamento de carácter temporal, destinados a acoller persoas en situación de emerxencia social, transeúntes

e persoas **que están sen fogar**, proporcionándolle aloxamento e manutención por un período limitado de tempo”.

Praza: a partir de 10

Destinatarios : persoas maiores de 18 anos, ou unidades familiares, que debido a sinistros na súa vivenda, carencias socioeconómicas, problemas de saúde ou graves conflitos convivencias ou persoais, pasan por unha situación carencial aguda que inclúe **a non disposición efectiva de fogar ou**

HORARIO: mínimo 12h. Sendo o horario de acollida 22:00h

Acollida valoración e asesoramento

SERVIZOS

Aloxamento, manutención, hixiene, roupeiro, consigna, enderezo postal..etc

REQUISITOS MATERIAS:

Deben situarse nunha zona ben comunicada

- Zona administrativa
- Dormitorios (individuais, dobres, triplas, cuádruples)
- Mobiliario de fácil limpeza: cama, armario, mesa noite e cadeira.
- Espazo para acoller a unidades familiares

PERSOAL:

- **UN DIRECTOR:**
 - Diplomado/Grao rama social.
 - Experiencia de tres anos de traballo con colectivos similares.
- **Persoal de mantemento e supervisión das persoas usuarias.**
- **Unha persoa técnica titulada na área de servizos sociais.**

CENTROS DE ACOLLIDA E INCLUSIÓN

Qué son?

Son centros en réxime residencial temporal nos cales, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación socio-laboral ás persoas en situación ou risco de exclusión social

Programas de atención:

 1. Programa básico de acollemento e inclusión social.

 2.- Programa de apoio social a procesos terapéuticos:

Está destinado a persoas afectadas por distintos tipos de adicción

 3.- Programa de transición á vida autónoma:

Consiste na oferta dun aloxamento provisional de características normalizadas para favorecer a transición á vida autónoma de persoas que, sendo vulnerables á exclusión social, contan cunha alta capacidade e posibilidade de inserción e normalización

SERVIZOS

- Atención integral
- Adquisición de habilidades sociais
- Itinerarios de incorporación socio-laboral
- Atención as necesidades educativas, sociais e de integración que precisen

REQUISITOS MATERIAIS

- **Zona administrativa**
- **Dormitorios:** individuais, dobres ou triplos, (dotadas co mobiliario básico)
- **Zonas comúns ;** a razón de 1.5 m por praza a partires de 10 usuarios

REQUISITOS FUNCIONAIS:

- Para permanecer no centro é imprescindible asinar un proxecto de inserción.
- Debe constar o nome do responsable do correspondente itinerario de inserción.
- Regulamento de réxime interior do centro.
- Expediente individual (datos persoais, sociais, información relativa ao proceso de inserción)

PERSOAL:

- Un director
 - Diplomado rama social.
 - Experiencia de tres anos de traballo con colectivos similares.
- Persoal que garanta o mantemento do centro e a supervisión das persoas usuarias.
- Un técnico titulado na área de servizos sociais que poderá exercer as funcións de director do centro.
- Un técnico superior en integración social, cunha rateo de 0.05 por usuario, cun mínimo dun.

PROGRAMA DE APOIO SOCIAL

Nos programas de apoio social a procesos terapéuticos, deberán contar ademais con formación en terapias de rehabilitación de substancias aditivas.

COMEDORES SOCIAIS.


Establecementos nos que se ofrece o servizo de almorzo/xantar e/ou cea a persoas con escasos recursos económicos

PERSOAL:

Contarán cun diplomado en traballo social durante un mínimo de 4h. semanais.

CENTROS DE ATENCIÓN SOCIAL CONTINUADA:

Centros abertos permanentemente en horario continuado ou nun horario complementario ao resto de recursos sociais de atencións ás situacións de emerxencia, complementarios dos albergues.

SERVIZOS:  Abrigo, hixiene, roupeiro, reparto de alimentos, asesoramento, valoración e derivación aos recursos sociais correspondentes.

PERSOAL:  Profesionais que traballen no ámbito da inclusión social.

CENTROS DE DÍA PARA A INCLUSIÓN SOCIAL:

Destinados a posibilitar, en réxime diúrno, diversas oportunidades de mellora da inclusión social.

SERVIZOS:

- Terapia ocupacional,
- Autocoidado
- Habilidades sociais
- Atención psicosocial
- Intermediación ou prospección laboral
- Formación de carácter prelaboral
- Asesoramento xurídico
- Servizo de comedor (opcional)
- Etcétera.

REQUISITOS FUNCIONAIS

- ❑ Cada centro contará cun proxecto específico de centro en función do colectivo atendido.
- ❑ Regulamento ou normas de funcionamento
- ❑ Expediente individual dos usuarios:
 - Datos sobre a súa situación persoal
información relativa ao proceso de inserción social

PERSOAL:

- Director
- Monitores e profesionais especializados nas actividades prelaborais a desenvolver cun rateo de 0,07

MECANISMOS DE CONTROL E GARANTÍA PÚBLICA DO SISTEMA GALEGO DE SERVIZOS SOCIAIS.

DECRETO 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Que é unha entidade prestadora de servizos sociais?

É toda persoa física ou xurídica que sexa titular ou xestora de Centros ou desenvolvan programas de servizos sociais.

A que denominamos centros de servizos sociais?

Aos equipamentos que están tipificados normativamente e nos que se desenvolven dun modo estable e continuo programas e actividades de servizos sociais.

Que é un programa de servizos sociais?

Conxunto articulado de obxectivos, accións e servizos dotados orzamentariamente e que contén cos recursos materiais e humanos axeitados para levalos a cabo.

Quen pode prestar servizos sociais?

- A Administración Autonómica
- As Entidades Locais
- As Entidades de iniciativa social
- As Entidades de iniciativa mercantil

QUÉ REQUISITOS SE ESTABLECEN PARA AS ENTIDADES QUE DESEXAN PRESTAR SERVICIOS SOCIAIS NO ÁMBITO COMUNITARIO E DA INCLUSIÓN SOCIAL?

1º INSCRIBIRSE NO REXISTRO ÚNICO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS.

2º AUTORIZAR OS CENTROS OU PROGRAMAS (segundo a normativa específica de cada equipamento)

3º ESTABLECENSE UNHAS OBRIGAS PARA AS ENTIDADES E OS CENTROS INSCRITOS E AUTORIZADOS

4º REGULASE A CLASIFICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS QUE DEBEN SOLICITARSE

FINALIDADE DO REXISTRO ÚNICO DE ENTIDADES PRESTADORES DE SERVIZOS SOCIAIS (RUEPSS)

Elaborar e ter a disposición do público, un censo actualizado das entidades prestadoras de Servizos Sociais e dos Centros e programas autorizados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Que sean titulares de Centros e programas

Inscríbense
as
entidades:

- Que desenvolvan programas sociais e desexen obter financiamento público

QUE OBRIGAS TEN AS ENTIDADES INSCRITAS (artigo 6)

- A. Manter actualizados os datos no Rexistro
- B. Presentar no primeiro trimestre do ano unha memoria das actividades realizadas o ano anterior.
- C. Facilitar á Administración a información que esta solicite
- D. Suxeitarse a potestade inspectora
- E. Autorizar os centros e programas de conformidade coa normativa.
- F. Informar ás persoas usuarias sobre o réxime de servizos que presta.
- G. Dispoñer dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias, dos seus familiares, representantes legais ou titores e/ou dun procedemento que garanta a xestión das queixas e das suxestións presentadas.
- H. Unha copia das reclamacións presentadas, deberá remitirse a inspección, xunto cun informe dos antecedentes e das actuacións realizadas para a súa xestión.

REQUISITOS DOS CENTROS E PROGRAMAS AUTORIZADOS (ARTIGO 7)

1. Todos os centros e programas de servizos sociais, de conformidade coa normativa que os regula, deben:


- a) Estar identificados e sinalizados no exterior das súas instalacións
- b) Dispoñer dunhas normas de funcionamento visadas
- c) Contar cun rexistro de altas e baixas e cun expediente individual de persoas usuarias
- d) Dispoñer dunha póliza de seguros de responsabilidade civil
- e) Expoñer ao público as autorizacións e licenzas concedidas.
- f) Contar co mobiliario, as axudas técnicas, o material e o persoal necesario para o desenvolvemento dos servizos.
- g) Dispoñer de conexión telefónica e dun enderezo de correo electrónico.
- h) Contar cunha persoa que asuma a dirección ou coordine o programa ou servizo.

Obrigas das entidades con financiamento público (artigo 8)

Artigo 8. Obrigas das entidades prestadoras de servizos sociais con financiamento público.

- A.** Adecuarse ás directrices da planificación dos servizos sociais da Xunta de Galicia.
- B.** Acreditar a través da memoria anual o cumprimento dos seus obxectivos e unha avaliación dos resultados obtido
- C.** Cando o financiamento público se destine á realización de obras deberá contar con carácter previo a súa execución coa autorización de creación/construción ou modificación substancial.
- D.** Cando cese nas súas actividades, se percibiu financiamento público, deberá proceder ao seu reintegro da parte de financiamento non amortizado.

AUTORIZACIONES DE CENTROS



Tipos:

A. A construcción/ ou creación de centros de servizos sociais.

Adecuación do proxecto técnico á normativa vixente.

B. O inicio de actividades de servizos, programas e centros de servizos sociais.

Comprobar que os centros ou programas que se van a por en funcionamento dispoñen dos medios necesarios para o seu correcto funcionamento.

A. Autorización de modificación substancial de centros e programas de servizos sociais.

Adecuación á normativa dos cambios producidos nun centro que xa se atopa en funcionamento

A. Autorización de cesamento de actividades de centros e programas.

Garantir que o cese ou a interrupción das actividades se leve a cabo respectando o dereito das persoas usuarias

TIPOS DE CESE

- A. TEMPORAL PARCIAL
- B. TEMPORAL TOTAL
- C. DEFINITIVO PARCIAL
- D. DEFINITIVO TOTAL

Incumplimento do réxime de rexistro e autorización (artigo 9).

- A.** Condiciona o outorgamento ou o pagamento de subvencións.
- B.** A obtención de calquera tipo de financiamento por parte da Xunta de Galicia en relación coa entidade, co centro, co servizo ou co programa do que se trate.
- C.** Determinará a imposición das sancións que correspondan.

A ACREDITACIÓN

Cando se constate o cumprimento de determinados requisitos e estándares de calidade referentes a:

- A.** Cumprimento da misión, estratexia e obxectivos con criterios de eficacia, transparencia e responsabilidade social.
- B.** Mantemento e mellora das instalacións e dos recursos humanos.
- C.** Mellora das condicións de traballo, garantindo a igualdade, formación, etc.
- D.** Os referidos á xestión da calidade total

ALBERGUES AUTORIZADOS

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
ALBERGUES	2		1	5
PRAZAS	67		20	108

COMEDORES SOCIAIS

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
COMEDORES SOCIAIS	4	-	2	3
	2 Coruña 1 Ferrol 1 Santiago		1 Ourense 1 Sarreaus	1 Vigo 1 Cangas 1 Pontevedra

CENTROS DE DÍA

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
CENTROS DE DÍA DE INCLUSIÓN SOCIAL	2	-	-	1
	1 Santiago 1 Ferrol			1 Vigo

CENTROS DE ACOLLIDA E INCLUSIÓN

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
PROGRAMA BÁSICO	9	2	1	6
PRAZAS	218	14	10	229
PROGRAMA DE APROIO SOCIAL A PROCESOS TERAPÉUTICOS			4	5
PRAZAS			62	32
PROGRAMA TRANSICIÓN VIDA AUTÓNOMA			1	1
PRAZAS			7	8

A landscape photograph showing a field of trees in autumn. The trees in the foreground and middle ground have turned various shades of brown, orange, and yellow. In the background, there is a dense forest of dark green trees. The sky is overcast and grey. The text is overlaid in the lower half of the image.

**MOITAS GRAZAS A TODAS E
TODOS POLA ATENCIÓN
PRESTADA.**